

PREGUNTA DE AER SOBRE O REGULAMENTO DAS ASIGNACIÓNS OU SUBVENCIONES AOS GRUPOS POLÍTICOS.

PLENO 31 MARZO 2016. ACTA 0005/2016

“Tendo en conta as seguintes consideracións:

-Que no pleno de Febreiro 2015 presentamos unha moción para o control dos gastos das asignacións dos grupos políticos representados no Concello de Redondela.

-Que os grupos representados na anterior corporación chegamos ó seguinte acordo unánime que aínda a día de hoxe, un ano despois, estamos a incumprir:

Acordo: “Redactar un regulamento sobre as asignacións aos grupos políticos con representación no pleno que, inclúa, entre outras cuestións, as seguintes: establecemento do procedemento para fiscalizar as contas derivadas desas asignacións, presentación anual das contas relacionadas cos gastos obxeto das asignacións aos grupos políticos,etc”

-Que en Xunta de Voceiros reclamouse por parte de AER a constitución da comisión ou mesa de traballo para dar cumprimento a este acordo plenario. Nesta xunta acordouse convocar mesa de traballo para o día 28.09.2015

-Convócase comisión de Transparencia para dita data sen orde do día o que provoca a confusión de tódolos asistentes, xa que unha das representantes do equipo de goberno foi expoñer se nos adheriamos ao portal de transparencia da FEMP e sinalou dita tema como prioritario. O outro representante do goberno viña tratar tiña nada que ver coa elaboración deste regulamento, e así o reclamamos. A conclusión secada de dita comisión foi crear por separado, unha mesa de traballo para tratalos temas dos portais de transparencia e unha comisión de facenda para tratalo tema das asignacións aos grupos políticos.

Dende entón seguimos a espera.

En virtude de todo anteriormente exposto PREGUNTAMOS: Ten pensado convocar esta comisión de facenda para tratar de cumprir o acordo plenario tendo en conta a súa dedicación exclusiva ao noso Concello?”

O Alcalde sinala que non hai problema e que se convocará en breve prazo.